

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 9 DE XULLO DE 2009

1.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da sinatura do convenio entre o Concello e o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela para a formalización e encomenda de xestión ao Concello da intervención das actuacións no Pazo de Raxoi.

Apróbase a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio para a formalización e encomenda de xestión ao Concello da intervención denominada "actuacións no Pazo de Raxoi" por importe de 210.352 euros.

2.- Aprobación do orzamento para a celebración das festas do Apóstolo 2009.

Apróbase un orzamento de 799.020 euros dos que 128.440 euros corresponden ás aportacións de empresas, 71.200 aos ingresos previstos na recadación de taquillas e 600.000 euros á aportación municipal.